



ABERTO O PRAZO PARA A PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

O 18 de maio de 2022 publicouse no DOG a Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ...

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: DESDE O 19 DE MAIO DE 2022 ATA O 22 DE XUÑO DE 2022 (ESTE INCLUÍDO).

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, os titores ou representantes legais do alumnado, é dicir, no Anexo I da solicitude..., onde pon "datos da persoa solicitante" deberá poñerse á nai/pai ou titor legal do alumno/a, e non os datos do propio alumno/a. Os datos do alumnado indícaranse no recadro de abaixo da solicitude.

A solicitude será ÚNICA para todos os fillos/as que estean admitidos NO MESMO CENTRO EDUCATIVO PARA o curso 2022/2023, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondo libros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a aínda que estean no mesmo centro.

Se se presenta a solicitude de forma presencial, no caso de que o alumno/a, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2022/2023, deberá presentala NO CENTRO EN QUE ESTIVESE MATRICULADO NO CURSO 2021/2022.

Xunto coa solicitude DEBERÁ ACHEGARSE COPIA DO LIBRO DE FAMILIA OU DOCUMENTO EQUIVALENTE ONDE CONSTEN OS MEMBROS COMPUTABLES DA



UNIDADE FAMILIAR (NON SÓ A FOLLA NA QUE FIGURA O ALUMNO/A), e se é o caso, sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador, etc..

Os datos referidos ao DNI das persoas solicitantes, alumnado e membros computables, así como certificados de discapacidade do solicitante ou calquera membro computable da unidade familiar expedido pola **administración autonómica**, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou pensión

...CONSULTARANSE AUTOMÁTICAMENTE, SALVO QUE AS PERSOAS SE OPOÑAN Á SÚA CONSULTA (se se opoñen terían que achegar fotocopias de toda esta documentación).

Para a consulta dos datos tributarios solicitarase o consentimento expreso do interesado.

No anexo II da solicitude, no primeira taboa que aparece, hai que cubrir os datos de todos os membros computables da unidade familiar, e no recadro onde se indica "opóñoome a consulta" se non vos opoñedes á consulta de forma automática non tedes que marcado, se o marcades quere dicir que vos opoñedes á consulta automática dos datos e teríades que presentar as copias da documentación xustificativa. Por outra banda, na seguinte táboa dese mesmo anexo II, onde aparece a comprobación dos datos tributarios, si que teríades que marcar no circulo correspondente se autorizades a consulta (ou si ou non). Recordade,,,se non autorizades teríades que presentar a copia da renda ou documentación acreditativa dos datos fiscais.

Non vos esquezades de asinar a solicitude ao final do anexo I e tamén nos recadros das taboas correspondentes á comprobación dos datos de identificación, tributarios...polas persoas correspondentes. No caso do alumno/a ou irmán menor de idade, asinará a nai/pai/titor legal.

A efectos da concesión das axudas teranse en conta o exercicio fiscal do 2020, e a efectos de membros computables da unidade familiar terase en conta a situación persoal e a composición de dita unidade a 31 de decembro de 2020.